

AVALIACIÓN UNIDADE 2: O CLIMA E A APAISAXE

CONTROL (22/11/2019): Esta unidade xa se traballou o curso pasado, polo que se trata dun repaso xeral sobre o clima e nocións básicas sobre o clima e relevo de Europa e España.

CLIMA E PAISAXE

CLIMA: Conxunto de **características meteorolóxicas** que se dan nun lugar determinado durante un periodo de tempo longo.

O **TEMPO ATMOSFÉRICO** sería o mesmo, pero durante un tempo máis curto (horas, días, semanas)

PRECIPITACIÓNS

Son a cantidade de choiva, neve ou sarabia que cae nunha zona (mm ou l/m²) e mídese co pluviómetro.

TEMPERATURAS:

Indican a cantidade de enerxía calorífica que se atopa no aire (graos centígrados °C) e mídese co termómetro.

OS FACTORES que permiten distinguir as **CINCO ÁREAS CLIMÁTICAS** son:

LATITUDE Distancia que hai dende calquera punto ao ecuador. + frío/ - cálido	ALTITUDE Altura dun punto con respecto ao nivel do mar: + frío/ - cálido	DISTANCIA AO MAR O mar suaviza as temperaturas: Costa: cálida/ interior: frío.
--	--	---

AS PAISAXES son extensións de terreo composta por elementos **naturais** (creados pola natureza) e **artificiais** (creados polos humanos) e que se poden clasificar segundo diferentes criterios e están compostas polos seguintes elementos:

PAISAXES DE INTERIOR

- de **montaña**: cumio, ladeira, pé, serra, cordilleira.
- de **chaira**: outeiros, mesetas, depresións, vales.



PAISAXES DE COSTA

- **Costa alta**: acantilados.
- **Costa baixa**: cabo, golfo, baía, península, illa, arquipélago, ría, marisma, albufeira, praia.

PAISAXES RURAIS

predominan elementos PROPIOS da agricultura, gandería e pesca.



PAISAXES URBANAS

Predominan elementos propios da industria ou do sector servizos.

OS CLIMAS DO PLANETA

CÁLIDOS (situados entre o trópico de Cáncer e o de Capricornio)			TEMPERADOS (situados entre os trópicos e os círculos polares)			FRÍOS (situados nas zonas polares e nas zonas de montaña)	
ecuatorial	tropical	desérticos	oceánico	mediterráneo	continental	polar	De montaña
Temperat. altas	Temperat. altas	Temperat. moi altas	Temperatura suave	Contraste de temperatura	Contraste entre verán e inverno	Frío intenso	Invernos fríos, veráns frescos
Precipit. abundantes	Dúas estacións: seca e húmida	Precipit. inexistentes	Precipitacións abundantes	Precipitación escasa	Seca no verán	Apenas chove	De neve
Paisaxes con vexetación abundante, frondosa e variada.	Bosque tropical e sabana.	desérticas	Bosque atlántico e vexetación abundante e variada	Bosque boreal, taiga, estepa, pradaria	Diversa segun costa ou interior	tundra	Pisos de montaña (altitude)

OS CLIMAS DE EUROPA

FRÍO		TEMPERADO			CÁLIDO
POLAR	DE MONTAÑA	OCEÁNICO	MEDITERR. COSTA	CONTINENTAL (Típico)	SUBTROPICAL

RELEVO DE EUROPA

Localizar no mapa os seguintes elementos:

OCÉANOS E MARES: Océano Glaciar Ártico e Atlántico, Mar Mediterráneo e do Norte

ILLAS: Illas Británicas, Canarias, Islandia, Córsega e Sardeña.

PENÍNSULAS: Ibérica, Escandinavia, Itálica, Balcánica e Lutlandia.

MACIZOS: Macizo Central Francés, montes galegos.

MONTAÑAS: Pireneos, Cárpatos, Alpes e Cáucaso (Elbrus)

CHAIRAS: Gran Chaira europea.

Vertentes e ríos:

VERTENTE ÁRTICA: Ríos que verten no Océano Glaciar Ártico. Son longos e xeados: **Dvina Septentrional e Pechora.**

VERTENTE ATLÁNTICA: Ríos curtos e regulares: **Oder, Vístula e Rhin.**

VERTENTE MEDITERRÁNEA: Curtos e irregulares: **Po e Ródano.**

VERTENTE MARES CONTINENTALES: Son longos e regulares. Danubio, Dnieper, Dniester (Mar Negro) e Volga, Ural (Mar Caspio).

Ademais de definir e recoñecer os conceptos anteriores, deber **aplicalos** e ser quen de

- Elaborar, interpretar e comentar un **climograma** a partir dunha serie de datos.
- **Comentar unha paisaxe**, recoñecendo que tipo de paisaxe representa e cales son os elementos que se observan (naturais e artificiais)
- **Situar** nun **mapa** os datos de relevo e clima anteriores.

E presentar a **libreta** coa unidade 2 completa e repasar os exercicios feitos:

- Portada.
- (Páx. 2) Elaboración, interpretación e comentario do climograma de Pontevedra.
- (Páx. 3) Comentario dunha paisaxe.
- (Páx. 4) Exercicio 2.
- (Páx. 5) Exercicio 1.
- (Páx. 6) Cadro resumo dos climas.
- (Páx. 7) Interactivos
- Mapa relevo Europa
- Mapa climas Europa.
- Mapa relevo España.
- Mapa climas España.
- Mapa ríos e vertentes España.